

4ª CAMPAÑA CAERÁN OS 1000?

Debido á situación que se vive na actualidade, dende o Concello e a Asociación de Empresarios queremos axudar a reactivar a nosa economía axudando tanto aos veciños como ao comercio local. fai necesario que a totalidade da poboación poña da súa parte para reactivar a nosa economía, o comercio de proximidade. Por iso, ponse en marcha, entre outras, esta iniciativa que ten como obxectivo contribuír á dinamización deste sector durante a campaña de **Nadal 2023**.

Esta iniciativa basease no sorteo do 1.000 €, aportados polo Concello, entre tódolos clientes e clientas, maiores de 18 anos, que realizan as súas compras/consumicións nos negocios da localidade. A cantidade estará dividida en 5 premios que deberán ser utilizados nas empresas adheridas á campaña. Dáse a opción aos premiados de poder utilizar o seu premio en varios establecementos, ata esgotar a cantidade total do premio.

Aos premiados entregaráse un PASAPORTE que será co que fai o pago no establecemento. Dito pasaporte irase cubrindo en cada un dos negocios aos que acuda ata chegar aos 200 € de premio. Unha vez estea todo esgotado terá que entregalo nas oficinas do Concello. En dito pasaporte figuran todos os establecementos que participan na Campaña e nas que se pode acudir co mesmo para beneficiarse do premio, con data límite de utilización do mesmo ata o **31 de agosto do 2024**.

Logo o empresario terá que entregar unha Factura da compra para que o Concello lle ingrese a cantidade correspondente.

Os 1.000 € estarán distribuídos en 5 premios de 200€ cada un deles.

Para poder acceder ao sorteo aos consumidores entregaránelles as papeletas nos diferentes establecementos colaboradores da campaña, variando o número de papeleta segundo o gasto realizado:

Gasto de ata 10 €.....	1 papeleta
Gasto de 11 € a 20 €.....	2 papeletas
Gasto de 21 € a 30 €.....	3 papeletas
Gasto de 31 € a 40 €.....	4 papeletas
Gasto superior a de 41 €	5 papeletas

Non poderán participar no sorteo os empresarios coas papeletas que lle foron asignadas ao seu negocio, así como tampouco poderán participar nin os seus cónxuxes, ascendentes e descendentes, ata o primeiro grado (incluído), nin os seus empregados.

Os empresarios facilitarán as papeletas aos consumidores, que deberán cubrilos cos seus datos (nome, apelidos e teléfono de contacto) e introducilas nunha urna deseñada para este fin.

Os empresarios teñen ata o día 19 de decembro as 14:30 horas para entregar nas oficinas do Concello as urnas con todos as papeletas.

A realización do sorteo levarase a cabo o mércores día **20 de decembro do 2023 ás 11:30 horas nos exteriores do Colexio Augusto Assía**, dun xeito “distinto” e deberán estar dous representantes dos empresarios e dous representantes da administración local (elixidos previamente polas empresas adheridas á campaña), ademais de quen queira participar como público.

Distribuiranse entre as empresas e autónomos un total de 60 talonarios. Todos eles levarán impresos números dende o 1 ao 200 e unha letra que representará a serie. Haberá cinco talonarios iguais de cada unha das series. Durante o sorteo seleccionárase un número e unha serie, asignando os cinco premios ás rifas que os conteñan. Os talonarios serán:

SERIE	NUMERACIÓN	CANTIDADE
A	1-200	5 talonarios
B	1-200	5 talonarios
C	1-200	5 talonarios

D	1-200	5 talonarios
E	1-200	5 talonarios
F	1-200	5 talonarios
G	1-200	5 talonarios
H	1-200	5 talonarios
I	1-200	5 talonarios
K	1-200	5 talonarios
L	1-200	5 talonarios
M	1-200	5 talonarios

Para o suposto de que algún dos premiados non sexa localizado, farase un sorteo de xeito tradicional, sacando 5 papeletas, que iran substituíndo por orde de saída ás papeletaS premiadas e non localizadas.

Dende as oficinas municipais localizarase aos premiados para que acudan ao Concello a que se lles faga entrega do respectivo pasaporte. En primeiro lugar chamarase aos primeiros premiados e non caso de non seren localizados, intentarase cos suplentes.

O prazo para facer uso do premio rematará o día 31 de agosto do 2024.

O Concello será o encargado de proporcionar a cada unha das empresas un cartaz e folletos explicativos da campaña, o talonario de papeletas e a urna para inserilos.

As persoas premiadas autorizan ao Concello da Mezquita a publicar os seus nomes e fotografías como ganadoras do sorteo nos medios de comunicación e nas redes sociais. Os datos persoais dos premiados solo serán utilizados polo Concello da Mezquita a efectos publicitarios nos termos descritos, sen proceder a súa cesión ou conservación. Terminado o sorteo eliminaranse todos papeleta para non conservar ningún dato dos participantes.

As bases do sorteo poderanse consultar na paxina web do Concello: www.amezquita.gal e no taboleiro do Concello.